

Restrición do uso de auga da rede municipal

Ante o contexto do abrocho de posible orixe hídrica que está a ocorrer, e coa finalidade de reducir ou eliminar potenciais riscos para a saúde da poboación, e visto a comunicación feita pola Consellería de Sanidade ao Concello, este martes día 30 de maio, se **RESTRINXE O USO DA AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL** de xeito que esta non se utilizará para a inxestapara que non se utilice para a inxesta (bebida ou preparación de alimentos), lavado de alimentos nin hixiene bucodental.

Non podendo descartar nestes primeiros estadíos da investigación do abrocho a implicación doutras instalacións como as fontes públicas non conectadas á rede municipal tamén se restrinxen o seu uso para evitar o consumo de auga.

Esta situación manterase ata novo aviso, en función das comunicacións que o Concello de Betanzos reciba da Consellería de Sanidade, que está a realizar os controis e analíticas tras recoller mostras en varios puntos da rede. Igualmente estanse a facer diariamente controis por parte da empresa concesionaria do servicio, Viaqua.

O Concello informará de calqueira novidade que se produza ao respecto.

Grazas pola súa colaboración.

María Barral Varela

Alcaldesa do Excmo. Concello de Betanzos

Betanzos, 30 de maio de 2023

Documento asinado dixitalmente a marxe